



Co obxectivo de promover nos fogares ourensáns espazos alternativos educativos e culturais de creación literaria como medida para contrarrestar o impacto negativo causado polo COVID-19, e buscando o aproveitamento do tempo libre na casa, promovemos a escritura nestes tempos de corentena, con este *"I Certame "Sementeiro de historias : a corentena 2020"*.

Bases

1. Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado dos centros escolares, públicos ou concertados, do Concello de Ourense, dos seguintes niveis educativos: Primaria, ESO, Bacharelato, Ciclos Medios e Superiores.
2. A temática será "a corentena".
3. As obras estarán escritas en prosa ou en verso (relato breve ou poesía), en lingua castelá ou galega, ser orixinais, inéditas e individuais e coa seguinte extensión:
 - Os textos de narrativa non excederán de 1.000 palabras, con letra Times New Roman de doce puntos, xustificado e interliñado sinxelo.
 - Os textos de poesía non excederán de corenta versos, escritos coas mesmas condicións que no apartado anterior.
4. O prazo de presentación remata o 25 de setembro de 2020 ás 14 h.
5. Será obrigatorio enviar o traballo en formato PDF ao correo electrónico: educa.programas2@ourense.es, especificando no asunto: "Sementeiro de historias: a corentena 2020", título do traballo, narrativa ou poesía, pseudónimo e nivel académico. E nun documento adxunto constarán os datos persoais do autor/a: nome, apelidos, nº DNI, teléfono de contacto, correo electrónico, curso e centro educativo. (será motivo de descalificación o non cumprimento de todos estes requisitos).
6. Outorgarase catro premios de narrativa (que consistirán en lotes de libros), a cada un dos seguintes grupos educativos:
 - 1º, 2º e 3º EP: un premio.
 - 4º, 5º e 6º EP: un premio.
 - ESO: un premio.
 - BACH e Ciclos Formativos: un premio.
7. Así mesmo concederanse dous premios de poesía que serán tamén lotes de libros:
 - Un premio para Primaria.
 - E outro para ESO, Bacharelato e Ciclos.
8. O xurado poderá conceder as mencións que estime oportunas cos seus correspondentes lotes de libros. Se os traballos non reunisen a calidade suficiente, o xurado podería deixar deserta algunha modalidade.
9. O xurado estará composto por profesorado dos departamentos de Lingua Castelá, Galega e Literatura de distintos centros escolares e persoal do Concello.
10. A decisión do xurado e a entrega de premios faranse públicos nun acto oficial; a data farase pública no mes de setembro.
11. O Excmo. Concello de Ourense resérvase os dereitos de publicación e de edición das obras gañadoras.
12. A participación nesta convocatoria leva implícita a aceptación das presentes bases, así como a decisión do xurado que será inapelable.

Ourense, 8 de abril de 2020